



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

CORRECCIÓN DE ERROS DA APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

ANUNCIO

Urbanismo e Patrimonio

Anuncio de CORRECCIÓN DE ERROS da aprobación definitiva dos Estatutos e Bases de Actuación da Entidade de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo.-

A Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión Ordinaria que tivo lugar o xoves 26 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

ÚNICO.- Corrixir o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno do 30/09/21 conservando en integridade o resto do acordado e no seguinte sentido:

Onde dí “**xunta de compensación.**”

Debería de dicir “**entidad de conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo.**”

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acordou prestar aprobación á corrección de erros, **quedando os acordos redactados do seguinte teor:**

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por XESTUR e HIJOS DE RIVERA SLU a teor do exposto no corpo deste escrito.

Segundo.- Aprobar definitivamente os Estatutos e as Bases de Actuación da Entidad de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo a constituir para a urbanización da unidade de actuación, coas modificacións resultantes dos apartados anteriores que se incorporan no texto definitivo que se anexa ao presente acordo.

Terceiro.- Designar como representante do Concello no órgano reitor da Entidad de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo a don Alberto Castro Calvete, Concelleiro de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Arteixo.

Cuarto.- Publicar integramente no Boletín oficial da provincia da Coruña, o presente Acordo de aprobación definitiva. Así mesmo, notificarase individualizadamente aos propietarios afectados polo sistema de actuación e a quen comparecera no expediente.

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Quinto.- Requirir aos interesados para que constituán a Entidad de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, en prazo máximo de tres meses, mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente onde se designará o cargo do órgano reitor, que necesariamente recaerá en persoa física, advertíndolles de que, transcorrido o prazo citado, entenderase que os propietarios que non manifesten a súa vontade expresa de incorporarse á Entidad de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo renuncian a adherirse á mesma, cos mesmos efectos e consecuencias da renuncia expresa.

Sexto.- Solicitar do Rexistro da Propiedade a práctica dos asentos que correspondan e o depósito dos Estatutos e Bases aprobados.

Contra a resolución adoptada, acto definitivo en vía administrativa poderase interpoñer ben de forma potestativa RECURSO DE REPOSICIÓN no prazo de un mes ante o **Alcalde** ou xa directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de DOUS MESES, prazos contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, segundo o disposto no art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

Pode consultarse o texto íntegro dos Estatutos e Bases de actuación definitivamente aprobados na sede electrónica do Concello de Arteixo e no seguinte enlace:

<https://sweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/efa702e62538afa6d08489a72c6d9a624e78df7b>

Asinado en Arteixo a 22/12/2021, por D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro delegado de Urbanismo e Patrimonio

Resolución da Alcaldía 1513/2021 de 07/06/2021.

2021/8891